

GUÍA DOCENTE DE **ANÁLISE APLICADA Á COMPOSICIÓN I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ANÁLISE APLICADA Á COMPOSICIÓN I-IV										
ESPECIALIDADE	Composición							ITINERARIO	Composición	
CARÁCTER	Disciplina de formación básica							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Composición		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo da obra musical a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Coñecemento dos diferentes métodos analíticos, e a súa interrelación con outras disciplinas. Estudo do repertorio musical e do seu contexto: principais compositores/as, escolas e tendencias da creación musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os propios do grao medio de música.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Composición, instrumentación, historia da música
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8, T14
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X10, X11, X12, X13, X15, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC2, EC3, EC7, EC10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer de forma teórica e práctica os procedementos e ferramentas da análise musical a todos os niveis: harmónico-contrapuntístico, melódico-interválico, motívico, rítmico, textural, tímbrico, dinámico, macro- e micro-estrutural...	T2, X1, EC1, EC2,
Ser capaz de establecer relacións entre distintas épocas, autores, estilos, así como de avaliar a utilización de ideas e procedementos extra-musicais.	T1, T2, T3, X11, X12, X13, X15, EC1,
Ser quen de establecer relacións entre a teoría e o resultado na práctica, sobre a funcionalidade da obra, tratamento do tempo, do espazo sonoro, da instrumentación e orquestración.	T2, T3, T4, T14, X10, X25, EC1, EC3, EC7, EC10

4. CONTIDOS	
Coñecemento teórico e práctico dos procedementos e ferramentas da análise musical a todos os niveis: harmónico-contrapuntístico, melódico-interválico, motívico, rítmico, textural, tímbrico, dinámico, macro- e micro-estrutural.	
Establecemento de relacións entre distintas épocas, autores, estilos, así como avaliamento da utilización de ideas e procedementos extra-musicais.	
Análise de obras ou fragmentos que abranguen o período dende o Gregoriano ata o romanticismo incluído.	



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	presencial	comezo dos cuatrimestres
Exposicións maxistras, exposicións práctico-teóricas e práctica colectiva	presencial	permanente
Práctica individual e pescuda de información	non presencial	permanente
Exposición e debate de traballos	presencial	fin dos cuatrimestres
Lectura guiada e comentario de fontes	presencial	esporádica

6. AVALIACIÓN

- Avaliación Ordinaria: Exposición de traballos individuais.
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados nos cuatrimestres.
 - Avaliación Extraordinaria: Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados nos cuatrimestres.
 - Avaliación Alternativa: Igual que a extraordinaria pero só para aqueles alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.
- Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.